| EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. | CCEC<br>CAA | **10** | EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaas con sentido nas súas obras. | CCEC<br>CAA | **10** | EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. | CCEC<br>CAA | **10** |
| EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. | CCEC<br>CAA | **10** | EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. | CCEC<br>CAA | **5** | EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. | CCEC<br>CAA | **5** |
| EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. | CCEC | **5** | EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. | CCEC<br>CSC | **5** | EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. | CCEC<br>CAA | **10** |
| EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. | CSC | **5** | EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. | CSC | 5 | EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. | CSC | **5** |
| EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. | CCEC<br>CMCCT | **5** | EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. | CCEC | 5 | EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais. | CCEC<br>CD | **5** |
| EP2.8.1. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. | CSC | **5** | EP2.8.1. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. | CSC | 5 | EP2.8.1. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. | CSC | **5** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL PORCENTAXE PARA CADA TRIMESTRE | | **100** | | | **100** | | | **100** |

**MÍNIMOS ESIXIBLES:**

EPB1.2.1.Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.

EPB1.3.1.Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.

EPB1.4.1.Identifica diferentes formas de respresentación do espazo.

EPB1.5.1. Practica con presción o recorte, o pegado, o pintado, etc.

EPB2.1.2. Realiza correctamente mestura de cores pintado.

EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frias e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións na composicións plásticas que realiza.

EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario afectivo e social. EPB2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.

## 7. Mínimos esixibles

Neste apartado se recollen os mínimos esixibles por materias.

| *Mínimos esixibles por materias* | |
|---|---|
| **Matemáticas** | MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.<br>MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.<br>MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.<br>MTB2.2.1. Utiliza números ordinarios en contextos reais.<br>MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.<br>MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.<br>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.<br>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.<br>MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais (en punto, medias e cuartos).<br>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.<br>MTB4.2.1. Coñece os distintos tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. |
| **Lingua castelá** | LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.<br>LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. |

| | |
|---|---|
| | LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.<br>LCB3.1.1.Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios…<br>LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.<br>LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.<br>LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. |
| **Lingua galega** | LGB1.3.3.Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.<br>LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br>LGB2.3.2.Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.<br>LGB3.1.3.Usa nos seus escritos o punto, a coma,dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.<br>LGB4.1.3.Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.<br>LGB4.3.1.Recoñece a relación entre son e grafía.<br>LGB4.1.4.Sinala o xénero e número de palabras dadas.<br>LGB4.2.1.Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.. |
| **Ciencias sociais** | CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.<br>CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón nos medios de transporte.<br>CSB2.2.1.Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.<br>CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.<br>CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. |

| | |
|---|---|
| | CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.<br>CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. |
| **Ciencias da natureza** | CNB2.1.1.Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao ao doutros seres vivos.<br>CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.<br>CNB2.2.2.Relaciona o exercicio físico, o descanso e adecuada alimentación coa propia saúde.<br>CNB3.1.1.Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.<br>CNB3.1.2.Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.<br>CNB4.2.2.Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.<br>CNB5.1.1.Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.<br>CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos |
| **Valores sociais e cívicos** | VSCB3.2.2.Respecta as regras durante o traballo en equipo.<br>VSCB3.4.2.Escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, compréndeas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.<br>VSCB3.6.2.Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.<br>VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.<br>VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.<br>VSCB2.3.1.Emprega diferentes habilidades sociais básicas. |

| | |
|---|---|
| **Educación Plástica** | EPB1.2.1.Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.<br>EPB1.3.1.Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.<br>EPB1.4.1.Identifica diferentes formas de respresentación do espazo.<br>EPB1.5.1. Practica con presción o recorte, o pegado, o pintado, etc.<br>EPB2.1.2. Realiza correctamente mestura de cores pintado.<br>EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frias e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentessensacións na composicións plásticas que realiza.<br>EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario afectivo e social. EPB2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. |

## 8. Principios metodolóxicos

A hora de actuar os mestres e mestras do CEIP Alborada deben seguir unha serie de liñas e estratexias especificadas no Proxecto Educativo de centro que son:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Potenciar a aprendizaxe autónoma, promover a capacidade de aprender a aprender.
- Favorecer a construción de aprendizaxes significativas e funcionais.
- Fomentar o interese e a cooperación.
- Acordar que o alumno/a aprenda facendo e participando da aprendizaxe.
- Individualizar , atendendo ás características persoais do alumnado e detección precoz de necesidades.
- Avaliar continua e formativamente para adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar a lectura entre o alumnado.

Por todo iso, dende o curso pasado douse inicio a un proxecto de innovación educativa onde a metodoloxía para seguir nesta programación será activa, é dicir, promoverá a interacción do alumno, que será o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe; será aberta, polo que se terá en conta a contorna, e será flexible, é dicir, estará suxeita aos reaxustes necesarios en función dos resultados e as necesidades.

Neste marco, o papel do mestre/para será o de promover a participación das alumnas e os alumnos creando un clima de confianza na aula, fomentar o traballo cooperativo, propiciar as capacidades que contribúen a aprender a aprender. En definitiva, ser o mediador entre as aprendizaxes e os alumnos e alumnas.

Este curso en 2ºde Educación Primaria decidiuse só pedir libros para lingua estranxeira e para lingua galega. As restantes materias serán abordadas dentro do proxecto de innovación desenvolto polo mestrado do primeiro ciclo.

Finalmente indicar que a área de plástica cursarase como materia CLIC, aprendizaxe integrado de contidos lingüísticos, en lingua inglesa dentro do programa de plurilingüismo desenvolto no noso centro.

# 9. Organización dos tempos, espazos, materiais e recursos didácticos

## Organización dos tempos

Tal e como se comentou anteriormente a xornada escolar comeza as 9:00 horas da mañá e finaliza as 14:00 horas. Esta distribúese en cinco clases de cincuenta minutos cada unha, un recreo de media hora e vinte minutos de tempo de lectura.

A hora de facer as sesións efectivas e rendibles para o alumnado débense teranse en conta as seguintes consideracións:

- Colocar as áreas instrumentais (Lingua castelá, lingua galega e matemáticas) ás primeiras horas da maña, tempo no que os nenos atópanse máis receptivos para o traballo.
- Programar dentro dunha mesma sesión tarefas curtas e variadas que non fatiguen aos nenos e nenas.
- Ser flexible cos horarios establecidos para cada materia e adaptarse ao ritmo dos nenos.
- Deixar pequenos ratos entre sesión e sesión para tarefas lúdicas que permitan aos alumnos/as despexar a mente.

## Organización dos espazos de aula

As aulas organizaranse tendo en conta as necesidades do alumnado en todo momento.

Para adaptarse aos distintos ritmos de traballo, organizaranse na aula pequenos rincóns dedicados as áreas instrumentais (linguas e matemáticas), é un espazo destinado ás TIC se fora posible no que os alumnos que rematen de realizar a tarefa poidan realizar tarefas máis lúdicas de ampliación e ou reforzo.

## Materiais e recursos didácticos

Os recursos materiais e didácticos a empregar son os que se especifican na táboa "Recursos materiais e didácticos" onde aparecen agrupados segundo a súa natureza.

*Táboa 2: Recursos materiais e didácticos*

| Recursos ambientais | Recursos persoais | Recursos materiais |
|---|---|---|
| Dependencias do centro<br>Patio do recreo<br>Contorna do centro<br>Ximnasio<br>Biblioteca do centro | Titora de aula<br>Mestres especialistas<br>Mestres de PT e AL<br>Mestres de apoio<br>Equipo directivo<br>Familias | Material proporcionado polas familias ao inicio de curso<br>Fichas variadas<br>Libros de texto (matemáticas e lingua)<br>Proxector<br>Ordenador e PDI<br>Encerado branco<br>Encerado de Xiz<br>Taboleiro<br>Láminas<br>Materiais manipulativos<br>Gráficas<br>Libros de lectura<br>Plataforma ABALAR |

## 10. Atención a diversidade

### Consideracións xerais: Medidas ordinarias para a atención a diversidade

Unha característica fundamental dunha aula de Ed. Primaria é a diversidade. De acordo con **SILVA (2003)** "a diversidade debe ser asumida dunha forma positiva esixindo unha educación de valores e unha actuación nos recursos e na política educativa, que debe ser responsabilidade do centro e das medidas concretas a adoptar na aula".

Deste xeito, aínda que existen unhas necesidades educativas compartidas por todos os alumnos, debemos ter en conta que nenos dunha mesma idade, no mesmo contexto sociocultural ou escolar, presentan diversidade de intereses, capacidades, ritmos e motivacións que determinan en gran medida a súa aprendizaxe, estando a acción docente destinada a dar resposta a todas elas.

Cando falamos de atención á diversidade, debemos ter en conta o establecido no **artigo 3 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que regula a atención á diversidade, onde se define esta como o conxunto de respostas arbitradas polo sistema educativo para adaptarse ao alumnado con necesidades no terreo educativo.

Tal e como se recolle no citado decreto de atención a diversidade, para atender a variedade de intereses, motivacións e necesidades do alumnos pódense adoptar **MEDIDAS ORDINARIAS** de atención a diversidade.

Tal e como se recolle no **artigo 8 do Decreto 229/2011**considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas:

Estas medidas ordinarias son:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

f) Desdobramentos de grupos.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

h) Programas de enriquecemento curricular.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de habilidades socias.

A hora de atender as necesidades do alumnado é fundamental deseñar e poñer en práctica accións preventivas que e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a.

Para finalizar con dito apartado é importante ter en conta que para garantir a igualdade entre os grupos, a hora de adscribir aos nenos e nenas a un grupo terase en conta o programa para a detección temperá xunto coa avaliación psicopedagóxica do departamento de orientación e, de ser o caso, a do E.O.E., xa que, o criterio de orde

alfabética e equilibrio de sexos non recolle as peculiaridades que poidan ter alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.

## Alumnado con NEAE: Medidas extraordinarias de atención á diversidade

A maiores, do anterior, á hora de atender a diversidade debemos ter especial consideración co alumnado recollido dentro do grupo de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que tal e como se recolle no Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade na comunidade autónoma de Galicia, debe considerarse alumno/a con NEAE aquel que "require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais (nee), dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condiciones persoais ou de historia escolar".

A hora de atender a este alumnado tal e como se recolle no xa mencionado **Decreto 229/2011 do 7 de decembro** hai sempre que comezar coas medidas ordinarias, xa citadas no subapartado anterior. Moitas veces, estas non son suficientes, polo que é necesario recorrer as **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Tal e como se recolle no **Decreto 229/2011**, no seu **artigo 9**, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Cómpre salientar que para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Estas medidas extraordinarias para a atención a diversidade son:

a) Adaptacións curriculares.

b) Agrupamentos flexibles.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

e) Programas de diversificación curricular.

f) Programas de cualificación profesional inicial.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

h) Grupos de adquisición das linguas.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

## 11. Avaliación

Tal e como afirma **LAGARDERA (1990)** a avaliación é un mecanismo a través do cal obtemos información sobre o alumnado que unha vez valorada serve para tomar decisións.

O referente lexislativo para a avaliación do alumnado é **a Orde do 9 de Xuño do 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a Ed. Primaria na comunidade autónoma de Galicia.** Tal e como recolle esta a avaliación será global e continua e terá en conta tanto os progresos do alumnado como a actividade docente.

### Avaliación do alumnado

A continuación, expone de forma detallada como levará a cabo a avaliación do alumnado, para o que seguiremos as tres preguntas establecidas por **ZABALA (1995)**: **QUE AVALIAR?:** avaliaranse a adquisición dos obxectivos de etapa e o desenvolvemento das competencias crave no grao correspondente a través dos contidos

secuenciados nas distintas unidades. Tomaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

**CANDO AVALIAR?:** Ao comezo do curso, tal e como se esixe na **Orde 9 xuño de 2016** levará a cabo unha avaliación inicial para establecer cal é o punto de partida. Ademais, durante o desenvolvemento de cada unidade farase unha avaliación continua ou formativa para observar os progresos diarios dos alumnos/ as. Ao finalizar cada unidade levará a cabo unha avaliación final ou sumativa para comprobar o grao de adquisición dos contidos. Unha vez cada trimestre realizarase unha avaliación global do alumnado tendo en conta o progreso xeral en cada unidade cuxos resultados se reflectirán no boletín de notas que se entregará aos alumnos e ás familias. A final de curso realizarase tamén unha valoración global de carácter final.

É importante destacar que segundo o establecido na **Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación** é un dereito das familias estar informadas de forma constante dos progresos dos seus fillos. Para iso, ademais de entregarlles trimestralmente o boletín de cualificacións, teremos reservado un horario semanal para titorías segundo o establecido na **Orde 23 de xuño de 2011 pola que se regula o horario laboral do persoal funcionario docente.** A maiores tamén se manterá un contacto periódico a través do uso da plataforma abalar móbil.

**COMO AVALIAR?:** Segundo o establecido por **FOSTER, C. (2001)**para avaliar ao alumnado necesitaremos técnicas e instrumentos que nos permitan analizar tres aspectos:

- Saber (aspectos cognitivos)
- Saber facer (aspectos técnicos)
- Saber porque se fai (aspectos metacognitivos)

Para isto, empregaranse diferentes técnicas e instrumentos os cales especificaranse no apartado dedicado a dito tema.

## instrumentos e técnicas para a avaliación do alumnado

Para o rexistro da avaliación utilizaremos algúns dos seguintes instrumentos e técnicas:

- Avaliación inicial como punto de partida para valorar os progresos
- Observación directa e diaria dos traballos, comportamentos e actitudes dos alumnos/as.
- Listas de control
- Probas de lectura.
- Probas de cálculo
- Corrección dos traballos dos alumnos/as.
- Rúbricas
- Cuestionarios e probas escritas*

*Por tratarse do segundo nivel da Educación Primaria, as probas escritas iranse introducindo de maneira paulatina e na maioría dos casos non se lles presentarán ao alumnado como probas senón como actividades ordinarias no día a día da clase, aínda que sexan avaliables para o profesorado.

## Criterios de cualificación

A hora de poñer as notas aos alumnos/as valorarase a actitude, interese, esforzo, traballo persoal, participación individual en grupo e consecución das competencias clave e dos mínimos esixibles.

Os resultados da avaliación expresaranse en termos nominais e numéricos tal e como indica a lexislación vixente (Insuficiente (1-4); suficiente (5); ben (6); notable (7-8); sobresaliente (9,10)).

No caso de decimais a nota será a máis próxima a unidade. Por exemplo, a nota correspondente aos decimais 6,1-6,2-6,3-6,4 será 6. Mentres que a nota correspondente aos decimais 6,5-6,6-6,7-6,8-6,9 será 7.

A continuación explícanse as porcentaxes que conformarán a nota numérica trimestral en cada unha das áreas:

| *Criterios de cualificación* | |
|---|---|
| **50%** | Grao de adquisición das competencias clave e consecución dos obxectivos mínimos. |
| **30%** | Traballo realizado na clase |
| **20%** | Actitude do alumno cara as tarefas. |

A avaliación ordinaria será a media ponderada das calificacións dos tres trimestres.

## Criterios de promoción

Ao remate de cada un dos niveis e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e dos estándares mínimos de cada área, así como un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel.

O alumnado permanecerá un ano máis no mesmo nivel nos casos seguintes:

- Non teña superadas dúas materias instrumentais de diferentes áreas simultaneamente, isto é: Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas.
- Non teña superadas dúas materias instrumentais da área lingüística (Lingua Castelá e Lingua Galega) + outra materia (Ciencias da Natureza, Ciencias sociais, Inglés, etc)

A xunta avaliadora poderá decidir a promoción excepcional dun alumno-a atendendo a aspectos relacionados coa madurez e/ou integración no grupo e por considerar que o alumno pode proseguir cursando o curso posterior con certas expectativas de éxito, con expectativas favorables de recuperación e valorando que esta medida de promoción excepcional beneficiará a evolución académica do alumno-a.

A medida de repetición de curso só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Cando algunha das áreas non aprobadas se superen en cursos posteriores, consideraranse recuperadas a todos os efectos.

## Avaliación da práctica docente

A hora de avaliar, é importante tamén analizar as accións realizadas como docentes co fin de establecer propostas de mellora cara futuras actuacións. Os instrumentos que empregaremos para levar a cabo dita parte da avaliación serán:

- Cuestionario aos alumnos/as
- Rúbrica de autoavaliación

## Avaliación da programación

Avaliarase se na programación de aula de cada curso acádanse os obxectivos programados na programación didáctica. Se foron os suficientes e axeitados ás características do alumnado e se conseguiron das resposta á diversidade da aula.

Avaliarase tamén se o tratamento dos contidos foi integrador e equilibrado, e se non se traballaron uns en detrimento dos outros.

Neste punto é importante destacar que a avaliación da programación debe ser periódica e darse durante todo o curso para facer todas as adaptacións que sexan pertinentes e poder dar resposta as necesidades do conxunto de alumnado de aula.

## 12. Actividades Complementarias

Ao longo do curso académico 2022/2023 realizaránse saídas para apoiar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A maiores, ao longo do curso engadiranse a estas outras actividades que permitan complementar a labor realizada na aula.

Co fin de que os alumnos vexan a relación entre as actividades complementarias e as tarefas que se realizan diariamente na aula. Cando váiase a realizar unha saída ou taller traballarémolo seguindo a seguinte planificación:

1. Actividades previas: Antes de realizar a actividade complementaria introducirémola aos alumnos e realizaremos unha pequena avaliación inicial dos coñecementos que teñen sobre o tema. Repasaremos as normas de comportamento e estableceremos pautas específicas de ser o caso.

2. Actividades posteriores: Tras a realización da actividade poremos en común na aula as impresións e observacións dos alumnos e reflexionaremos sobre o mesmo. De ser o caso, realizaremos actividades para completar.

## 13. Contribucións aos plans e proxectos do centro

### Proxectos para o curso escolar 2021/2022

Para o presente curso escolar o centro atópase inmerso nos seguintes proxectos:

**VOZ NATURA POR UN PATIO LIMPO:** No marco deste proxecto de centro todas as aulas do colexio contan con tres papeleiras que permiten reciclar os residuos xerados en tres grupos:

| | | |
|---|---|---|
| Envases e plásticos | Papel e cartón | Residuos orgánicos |

Para facer máis atractivo o reciclaxe para o alumnado, sobre todo para os más pequenos, cada contedor está asociado a figura dun monstro que da pe a traballar a reciclaxe co alumnado a partir dun conto o que esperta o seu interese.

Cos residuos que se reciclen na aula o obxectivo e que despois continúen o seu proceso de reciclaxe, incluso habendo mercado unha compostadora para o centro na que depositar os residuos orgánicos.

A maiores, co fin de contribuír a que o patio permaneza limpo os nenos e nenas contan cun tempo de 10 minutos para merendar na aula e reciclar os residuos xerados e non tirar nada no chan do patio.

Cómpre salientar tamén que no marco de dito proxecto hai unha illa de reciclaxe situada no primeiro andar do colexio próximo a biblioteca onde se poden depositar materiais reciclados para posteriormente realizar con eles actividades nas aulas.

**MERENDAS SAUDABLES**: Co fin de fomentar unha alimentación sa entre os nenos e nenas se deron ao comezo de curso as familias unha serie de recomendacións, as cales se recollen na *Imaxe 2: merendas saudables*

*Imaxe 2: merendas saudables*



Que levar ao cole cando toca...

| | | |
|---|---|---|
| Luns | Libre | ......... |
| Martes | galletas | ➢ Froitos secos<br>➢ Biscoitos<br>➢ Paiños integrais cunha onza de chocolate |
| Mércores | Bocadillo | ➢ De xamón e queixo<br>➢ De xamón serrano |
| Xoves | Lácteos | ➢ Botelliña de leite<br>➢ Bebibles<br>➢ Iogur<br>➢ Queixos varios con froitos secos |
| Venres | Froita | ➢ Froita de tempada<br>➢ Batidos de froitas e leite |

Para o presente curso escolar desenvolverase un proxecto documental integrado onde o tema central é "Ti contas, Nós Contamos, Vós contades". Ao longo do curso realizaremos actividades varias vinculadas a dito tema. A maiores, empregaremos isto como o tema central para a decoración da aula e como temática para a realización de distintas actividades no marco das distintas áreas.

## Contribución aos plans do centro

No 2º nivel de Educación Primaria as accións previstas de acordo cos distintos Plans do Centro serán as seguintes:

**PLAN LECTOR:**

- Adquisición de hábitos de lectura na aula, no centro e na familia.
- Descubrimento e manexo da información a través de diferentes tipos de textos.
- Exposición de textos a través de distintos medios.
- Uso da biblioteca como fonte de información e desfrute.

- Colaboración e coordinación das distintas celebracións relacionadas co libro: Día do Libro, Letras Galegas, …
- Realización de diferentes actividades individuais e grupais de animación á lectura
- Establecemento de canles de comunicación coa Biblioteca Municipal e outros organismos cara a organizar actividades conxuntas.

**PLAN TIC**:

- Utilización, manexo e uso pedagóxico e técnico de medios informáticos e distintos programas.
- Colaboración coa páxina web do centro como un espazo de comunicación entre as familias e o colexio.
- Adquisición de hábitos de traballo empregando como recursos as TIC.
- Busca de estratexias e experiencias para favorecer o traballo coas TIC.

**PLAN DE CONVIVENCIA:**

As actuacións en prol da convivencia que se veñen desenvolvendo son de carácter puntual e remedial. Polo xeral os conflitos entre o alumnado ocorren no tempo de recreo, ás veces continúan nas filas e chegan ate as aulas. Alí cada titor ou titora dedica un tempo a escoitar e falar cos implicados sobre o acontecido diante do grupo clase ou individualmente segundo o caso.

Alén do diálogo, os mestres e mestras adoitan lembrar certas normas de convivencia ao alumnado antes de saíren ao patio e as sancións polo seu incumprimento son decisión persoal de cada docente.

Tratarase de resolver sempre os conflitos que nas familias e no seu contorno social non se solucionan.

No noso Centro estanse a desenvolver distintos programas relacionados coa convivencia escolar para mellorar as relacións entre o alumnado.